

**PROXECTO:
“FORMACIÓN ENFERMEIRAS”**



ÍNDICE

1. Resumo do proxecto.....	3
2. Fondos Públicos.....	4

1. Resumo do proxecto

O ámbito sanitario caracterízase por ser un entorno altamente dinámico. Os rápidos avances producidos no campo da medicina obrigan ao persoal sanitario a someterse a unha constante valoración e renovación dos seus coñecementos co obxectivo de ofrecer o mellor tratamento posible aos seus pacientes.

O proxecto liderado por EDNON é unha plataforma tecnolóxica de formación para o ámbito sanitario a través da cal o persoal de enfermería poida adaptarse facilmente aos novos procedementos de traballo dos centros, renovar e avaliar os seus coñecementos, afianzar a súa confianza e facilitar a súa especialización nunha determinada área ou servizo.

Dado que o traballo diario do persoal de enfermería implica o seu constante movemento polo centro, a plataforma estará baseada nun entorno móbil, permitindo a mobilidade e a formación in-situ por todo o hospital. Así, o persoal dispón dun dispositivo móbil con procedementos formativos de enfermería que amplían información do seu traballo diario e que serán consultados mediante a integración con códigos QR repartidos polo hospital. Deste xeito é posible o acceso mediante contidos multimedia avanzados a explicacións sobre procedementos e técnicas de enfermería coa axuda dun titor virtual.

O uso destas tecnoloxías empregando móbiles como elemento condutor da aprendizaxe permite crear unha experiencia formativa única na que o sistema é capaz de identificar os elementos presentes no contexto de traballo (mediante códigos QR) e ofrecer a información e recursos educativos avanzados asociados a ditos elementos. Os contidos dixitais de carácter educativo en combinación cunha aplicación de identificación de códigos QR para a formación in-situ mediante teléfonos móbiles constitúen unha ferramenta de teleasistencia moi útil para o persoal sanitario.

Adicionalmente, este sistema pode ser usado como dispositivo de consulta avanzado sobre prácticas, técnicas ou procedementos de enfermería por parte de todo o persoal. A súa capacidade multimedia permite ofrecer guías de actuación para a administración de medicación, uso de instrumentación

e técnicas e procedementos de enfermería. Este punto é especialmente relevante para poder evitar situacións de risco para o paciente, dado que o persoal sen suficiente experiencia pode facer uso do sistema para familiarizarse cun determinado procedemento/técnica antes de aplicalo ou consultar in-situ os procedementos adecuados para a administración de medicación ou os seus principais riscos, incluso sen contar coa supervisión directa de persoal con maior experiencia.

Para o desenvolvemento deste proxecto, EDNON contou coa colaboración en modalidade de subcontratación do Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (GRADIANT) e o Grupo de Enxeñería e Sistemas Telemáticos (GIST).

2. Fondos Públicos

Este proxecto foi subvencionado pola Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia.

Unha maneira de facer Europa



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional